



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Anuncio

O Concello ven de chegar a un acordo co periódico *Crónicas da Comarca* para que os comercios e profesionais da nosa vila podían publicitarse no mesmo. Dita publicidade non conlevará ningún tipo de gasto nin compromiso por parte dos interesados, é totalmente gratuíta. Con esta medida pretendese axudar aos profesionais e comercios a darse a coñecer, presentando os seus produtos e servizos ou ofertas de cara ao reinicio da actividade.

Poderase remitir un anuncio que xa se teña feito ou pódese facer un anuncio novo, en calquera dos casos a editora do periódico prestase a colaborar na preparación dos mesmos. Os/As interesados/as deben comunicarse co Concello que fará de mediador coa editora para lles remitir os anuncios.

O único requisito é ter afincada a empresa no Concello de Boimorto, ou ben, no caso dos autónomos, ter fixada a residencia no noso Concello.

Esta medida, únese á xa anunciada para os hosteleiros, aos que se lles facilitaran e axilizarán os tramites para a ampliación ou creación de novas terrazas para os seus establecementos. Dentro das posibilidades do noso Concello iremos desenvolvendo iniciativas coma esta ou axudas directas para paliar as mermas económicas provocadas polo Covid-19 na nosa vila

En Boimorto a 12 de maio de 2020.

Asdo.- Maria Jesus Novo Gomez